

DISPOSITIVO INTRAUTERINO (DIU)

DIU LIBERADOR DE HORMONA

É un aparato ou dispositivo de plástico cun depósito que contén e libera unha pequena cantidade de proxestrona. Colócase no útero e evita o embarazo polos cambios que produce nel (no endometrio).

Ten unha eficacia do 99,9% e 99,6%



DEBES SABER QUE:

- Colócao un/unha profesional cualificado/a.
- Colócase entre o 1º e 7º día da regra.
- O modelo financiado pola Seguridade Social (SS) é de 5 a 7 anos de uso, dependendo da idade da muller. O modelo non financiado pola SS é de 3 anos
- É efectivo dende o mesmo día da colocación.
- Podes empregar tampóns na menstruación con este método.
- Mellora a dor menstrual.
- Con este método é habitual e normal:
 - Que non che veña a regra mentres leves este método.
 - Que de ter menstruacións, estas sexan impredecibles, non se sabe en que momento van aparecer, e habitualmente moi escasas, ata o punto de non precisar nin sequera compresa.
 - Que nalgún período durante o uso teñas sangrados prolongados, habitualmente escasos.
 - Sobre todo nos primeiros meses despois da colocación lixeira inchazón nos peitos e na barriga (retención de líquidos) así como dor de cabeza e acne ocasional.
- A complicación máis frecuente é a expulsión do DIU que pode pasar inadvertida.
- Se advirtes a expulsión do DIU solicita anticoncepción de urxencia en calquera centro de saúde, puntos de atención continuada e centros de orientación familiar.

NORMAS DE USO:

- Non ter relacións con penetración vaxinal nos 3 días postinserción.
- Non usar tampóns nos 3 días postinserción.
- Observa as compresas que retiras durante a menstruación para comprobar que non se expulsou.
- Fai o tacto dos fíos unha vez ao mes.
- É importante que anotes nun calendario os cambios das túas menstruacións.

DEBES CONSULTAR CANDO:

- Temperatura superior a 37,5º despois da inserción do DIU se non hai outra causa que a xustifique.
- Sangrado continuo abundante e de duración no tempo.
- Dor na parte baixa do ventre coincidindo coas relacións coitais que antes da colocación do DIU non tiñas.
- Aparición de dores de cabeza repentinas, de horas de duración, localizadas nunha parte da cabeza e con molestias visuais.
- Non encontras os fíos.

Lembra, este método non protexe das Infeccións de Transmisión Sexual. Debes empregar preservativo se pensas que nas túas relacións hai risco de contaxio.